



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE OÍMBRA PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN ELEVADOR PORTÁTIL PARA O ACCESO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA Á PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE OÍMBRA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Oimbra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Oimbra para o financiamento da adquisición dun elevador portátil para o acceso a persoas de mobilidade reducida á piscina municipal do Concello de Oímbra, posibilitando unha mellor atención ás persoas que precisan deste servizo, ao facilitar o seu acceso a este.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Oímbra, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado o 9.3.2007, conta cunha piscina municipal que non dispón das medidas necesarias que permitan o acceso de forma autónoma a





persoas usuarias con mobilidade reducida. Esta situación evidencia a existencia dunha barreira arquitectónica que vulnera o principio de igualdade no acceso a un servizo municipal básico e de lecer.

Co fin de facilitar o acceso á piscina municipal de forma autónoma ás persoas con mobilidade reducida, resulta necesario dotar a estas instalacións dun elevador portátil que posibilite o referido acceso, atendendo así ás necesidades das persoas usuarias da piscina que precisan deste, eliminando así a barreira electrónica existente e garantindo con isto a igualdade no acceso ao referido servizo municipal.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para financiamento da adquisición do devandito elevador portátil para a piscina municipal, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento desta adquisición, mellorando a atención que se presta no devandito centro ao facilitar o acceso a este ás persoas con mobilidade reducida.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando esta xerencia que a necesidade da adquisición dun elevador portátil para o acceso á piscina municipal das persoas con mobilidade reducida, e o interese común de resolver a problemática do acceso ao centro, posibilitando unha mellor atención ás persoas que son usuarias deste servizo, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento da referida actuación, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece





"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas".

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Oimbra, para a adquisición do elevador portátil para o acceso das persoas con mobilidade reducida á piscina municipal, un importe máximo de 13.130,62 euros, con cargo á partida 08.90 311A 760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

